



CONCELLO
DE
R I B E I R A

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

María Sieira Rios, secretaria do Tribunal Avaliador do proceso selectivo para a contratación laboral temporal dun/dunha PROFESOR/A DE MÚSICA, na especialidade de COMPOSICIÓN para o CMUS Profesional do Concello de Ribeira (Expte. 2024 PSEL00029),

CERTIFICA: Que, por unanimidade dos membros presentes do Tribunal constituído ás 9:00 horas do día 08/11/2024, acordouse o que a continuación se transcribe literalmente recollido na "ACTA NÚMERO 2.- RESOLUCIÓN DA RECLAMACIÓN PRESENTADA Á PUNTUACIÓN OUTORGADA NA FASE DE CONCURSO. REALIZACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN."

(...) En relación ás reclamacións á puntuación outorgada na fase do concurso de méritos, consta presentada a seguinte reclamación:

1ª.- Escrito presentado por **Saúl Rivas García** con DNI número *****9003****, rexistrado de entrada na data 30/10/2024 co número 202400026923, no que expón que en relación á formación complementaria ten presentado seis cursos realizados no Conservatorio Profesional de Viveiro, catro cursos de trompeta e dous de piano, que son conformes co requirido nas bases en canto a actividade formativa (curso), entidade organizadora, duración específica e vinculación coas funcións do posto. E que respecto á experiencia profesional, tamén ten presentado como mérito servizos prestados como profesor de música en Olalla Ares Pérez /Adagio Cantabile S.L. que está relacionado coa especialidade obxecto da convocatoria. Polo que solicita que se proceda á revisión dos citados méritos e se recoñezan como válidos no proceso selectivo.

Estudada a referida reclamación polo Tribunal Avaliador, este, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

PRIMEIRO.- Desestimar a reclamación presentada por Saúl Rivas García polos seguintes motivos:

- En relación á experiencia profesional, o aspirante achega como único documento para acreditar os servizos prestados na entidade Olalla Ares Pérez/ Adagio Cantabile S.L., o xustificante da comunicación ó SEPE do contrato de traballo de transformación a fixo discontinuo, acompañado da vida laboral. No citado documento **non se indica que os servizos prestados como profesor de música fosen na especialidade de composición**, que é a experiencia profesional que se valora como mérito segundo as bases da convocatoria, que indican dunha maneira clara e precisa que a experiencia profesional na empresa privada acreditárase mediante a presentación do informe de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social **acompañado do contrato de traballo ou dun certificado expedido pola empresa que acredite de xeito fidedigno o tempo traballado e a categoría profesional desempeñada**, advertindo que **a non presentación de ámbolos dous documentos suporá a non valoración do mérito alegado** (Base 10ª, apartado 10.1.1., letra a).
- Polo que respecta ó apartado de formación complementaria, este tribunal discrepa do referido polo Sr. Rivas García, xa que, segundo a documentación presentada, os catro cursos de trompeta e os dous de piano, non poden entenderse como tal, senón como asignaturas necesarias para acadar a titulación académica correspondente, non como

1 |



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80015DD6500M5L9T8Z3A6M7 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

MARIA SIEIRA RIOS-T.A.G. SECRETARÍA - 12/11/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 12/11/2024 13:56:27

EXPEDIENTE ::
2024PSEL00029

Fecha: 20/09/2024

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07E80015DD6500M5L9T8Z3A6M7





CONCELLO
DE
R I B E I R A

(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

cursos de formación independentes das titulacións académicas que é o que se valora nas bases da convocatoria.

SEGUNDO.- Que se publique no taboleiro de anuncios (sede electrónica), e, de ser posible, na súa páxina web oficial (www.ribeira.gal) a resolución da reclamación presentada.

TERCEIRO.- Ratificarse nas puntuacións outorgadas na fase de concurso de méritos.

(...) Rematada a realización do primeiro exercicio da fase de oposición, o Tribunal Cualificador, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

PRIMEIRO.- Outorgar a cada un dos/as aspirantes definitivamente admitidos/as a este proceso selectivo que a continuación se relacionan as puntuacións que en cada caso se indican polo primeiro exercicio da fase de oposición:

1º Apellidos e nome: CABALEIRO SOMOZA RODRIGO. Código: 123ABC. Cualificación: NON APTO.

2ª Apellidos e nome: CONTI SÁNCHEZ DAVID. Código: 123BCD. Puntuación total: 20,75 segundo o referido a continuación:

- Exercicio de ANÁLISE (máximo 15 puntos):
 - Aspectos formais (máximo 2 puntos): 1,5
 - Aspectos harmónico-tonais (máximo 4,5 puntos): 4
 - Aspectos temáticos (máximo 3,5 puntos): 2
 - Textura e timbre (máximo 1 punto): 0,5
 - Contextualización (máximo 2 puntos): 1
 - Capacidade de estruturación e síntese (máximo 2 puntos): 2
- Exercicio de COMPOSICIÓN (máximo 15 puntos):
 - Parte artística (máximo 6 puntos): 3,75
 - Parte técnica (máximo 9 puntos): 6

3º Apellidos e nome: FERNÁNDEZ BELMONTE IVÁN. Código: AAT665. Cualificación: NON APTO.

4º.- Apellidos e nome: GALERA MARTÍNEZ SANDRA. Código: 188LIA. Cualificación: NON APTA.

5º.- Apellidos e nome: GARCÍA TOJEIRO ALICIA. Código: MGE123. Puntuación total: 20,25 segundo o referido a continuación:

- Exercicio de ANÁLISE (máximo 15 puntos):
 - Aspectos formais (máximo 2 puntos): 2
 - Aspectos harmónico-tonais (máximo 4,5 puntos): 3
 - Aspectos temáticos (máximo 3,5 puntos): 2,5
 - Textura e timbre (máximo 1 punto): 0,5
 - Contextualización (máximo 2 puntos): 0





- Capacidade de estruturación e síntese (máximo 2 puntos): 1
- Exercicio de COMPOSICIÓN (máximo 15 puntos):
 - Parte artística (máximo 6 puntos): 5
 - Parte técnica (máximo 9 puntos): 6,25

6º.- Apelidos e nome: GONZÁLEZ DÍAZ JULIÁN. Código: 147XYZ. Puntuación total: 20,50 segundo o referido a continuación:

- Exercicio de ANÁLISE (máximo 15 puntos):
 - Aspectos formais (máximo 2 puntos): 1,5
 - Aspectos harmónico-tonais (máximo 4,5 puntos): 3
 - Aspectos temáticos (máximo 3,5 puntos): 1
 - Textura e timbre (máximo 1 punto): 0,25
 - Contextualización (máximo 2 puntos): 1
 - Capacidade de estruturación e síntese (máximo 2 puntos): 1,75
- Exercicio de COMPOSICIÓN (máximo 15 puntos):
 - Parte artística (máximo 6 puntos): 5
 - Parte técnica (máximo 9 puntos): 7

7º Apelidos e nome: RIVAS GARCÍA SAUL. Código: PGF975. Cualificación: NON APTO.

SEGUNDO.- Que se publique no Taboleiro de Anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica) e na súa páxina Web oficial (www.ribeira.es) o resultado da cualificación do primeiro exercicio da fase de oposición.

TERCEIRO.- De conformidade coa Base 10.3 das que rexen este proceso selectivo, contra a valoración do primeiro exercicio da fase de oposición os/as aspirantes poderán presentar as reclamacións que estimen oportunas ante o propio tribunal avaliador.

Para a presentación de reclamacións dispónse dun prazo de UN (1) día hábil, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no taboleiro de anuncios (sede electrónica). Co fin de axilizar trámites, as persoas aspirantes que non presenten reclamación no rexistro xeral do Concello de Ribeira, poden facelo enviando ao fax 981 871 610, ou ao correo electrónico maria.sieira.rios@ribeira.gal, a condición de que conste a acreditación de presentala ante calquera outro rexistro non municipal.

CUARTO.- Declarar **exentos/as** da realización do segundo exercicio da fase de oposición (proba de coñecemento da lingua galega) ós aspirantes **Alicia García Tojeiro e Julián González Díaz**, ó ter acreditado estar en posesión do CELGA 4.

QUINTO.- Convocar ó aspirante **David Conti Sánchez** para que o **día 14 de novembro do 2024, ás 13:00 horas** se presenten no Centro Cultural Lustres Rivas, sito na Rúa Manuel Lustres Rivas, nº 20, segundo andar, para a realización do segundo exercicio da fase de oposición (proba de





CONCELLO
DE
R I B E I R A

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

coñecemento da lingua galega), de conformidade coa Base 10.1.2 das que rexen este proceso selectivo.

O aspirante acudirá provisto do seu Documento Nacional de Identidade.

SEXTO.- De acordo co disposto no artigo 121.1 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, contra os acordos do tribunal cualificador cabe interpor recurso de alzada perante o Sr. alcalde-presidente, como órgano que nomea ao presidente do tribunal, sen prexuízo de calquera outro que se estime conveniente. O prazo será dun mes a partir do día seguinte ó da publicación do presente acordo no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica).

E para que conste, expido a presente certificación por orde do/a Presidente do Tribunal Avaliador, en Ribeira, á data da sinatura dixital que figura ó pé deste documento.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80015DD6500M5L9T8Z3A6M7 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

MARIA SIEIRA RIOS-T.A.G. SECRETARÍA - 12/11/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 12/11/2024 13:56:27

EXPEDIENTE ::
2024PSEL000029

Fecha: 20/09/2024

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL

